

ESTRUTURA DO INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS

O Instituto é unha unidade creada polo Decreto 93/1999, do 8 de abril. O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, no seu capítulo V desenvolve as competencias e a estrutura da Dirección Xeral de Formación e Colocación á que pertence o Instituto Galego das Cualificacións coa categoría de subdirección xeral.

O instituto ten integrados dous servizos con funcións complementarias: o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións, cunha función fundamental na actualización permanente da cualificación profesional da poboación galega, e o Servizo de Observatorio Ocupacional, que constitúe a ferramenta técnica de análise para coñecer a situación actual do mercado laboral e as demandas de cualificacións profesionais que necesita o tecido produtivo de Galicia.



NAVEGAR NA NOVA PÁXINA WEB DO INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS

Neste espazo web podemos atopar, entre outras, aplicacións web sobre o mercado de traballo.


• INDICADORES DO MERCADO LABORAL

Esta aplicación contén unha selección dos informes elaborados con datos de paro rexistrado, contratos, ofertas, afiliados á Seguridade Social e contas de cotización de centros de traballo. Os informes desta aplicación actualizaranse mensualmente, agás os referidos á afiliación á Seguridade Social e ás contas de cotización das empresas, dos que se ofrecerán datos actualizados trimestralmente.



• DATOS DE OCUPACIÓNS

Mostra os grupos ocupacionais máis contratados, analizando unha serie de indicadores que serven xa non só para describir, senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e temporalidade que presentan esas ocupacións en referencia ao ámbito comarcal. Esta aplicación actualizarase anualmente e está integrada dentro do Plan Estatístico de Galicia 2007-2011.



• A MIÑA PROFESIÓN

Esta aplicación ofrece información sobre:

- O mercado laboral: preséntanse datos de contratos e paro rexistrado para cada unha das profesións (ocupacións) que conforman o tecido produtivo.
- Os perfís profesionais: dáse información das principais características dunha profesión, das súas competencias e dos requisitos profesionais para o seu exercicio.



<http://emprego.xunta.es/cualificaciones>
<http://traballo.xunta.es/>

Publicacións



Este informe analiza a evolución da contratación nos grupos de ocupacións, seleccionándose as vinte profesións que amosan unhas mellores perspectivas laborais en cada unha das 53 comarcas de Galicia.


A análise está sustentada pola relación entre os indicadores de tendencia da contratación e da ocupabilidade.

As 20 profesións seleccionadas para cada comarca son aquelas que presentaron o maior número de contratos, así como mellores valores do crecemento e posibilidades de contratación nos últimos cinco anos.

O principal propósito do informe é o de contribuír a un mellor coñecemento da realidade de Galicia.

En primeiro lugar, analízase a situación e evolución demográfica da poboación estranxeira na nosa comunidade, para a continuación abordar o plano laboral e a configuración global da súa inserción na rede económica do tecido produtivo.

Agardamos que esta publicación sexa unha ferramenta de traballo que sirva de axuda para todos os profesionais que están a traballar nos labores de integración laboral e igualdade de oportunidades do colectivo inmigrante en Galicia.



O Estudo do mercado laboral Galicia 2008 pretende mostrar os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

Os obxectivos fundamentais desta publicación son:

- Analizar as principais variables que configuran o noso mercado de traballo.
- Analizar a evolución nos últimos cinco anos dos distintos parámetros.

No derradeiro punto da publicación recóllense as principais conclusións logo dunha reflexión sobre o perfil sociodemográfico e o tecido produtivo, o paro rexistrado, as contratacións e a formación para o emprego en Galicia.

SUBREPRESENTACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO GALEGO

A distinta concentración de mulleres e homes nos diferentes sectores de actividade constitúe unha realidade na distribución do emprego actual. É, ademais, un dos feitos máis significativos que manifestan a desigualdade de xénero no mercado de traballo e, así mesmo, está estreitamente relacionado coa existencia de discriminación salarial. Esta situación xustifica a creación de medidas activas de emprego que teñen como obxectivo prioritario corrixir a segregación ocupacional e, así, favorecer a existencia dunha representación axeitada de mulleres na totalidade de grupos e categorías profesionais.

Nos últimos quince anos a presenza da muller no ámbito laboral aumentou de maneira intensa e constante (Galicia no ano 2008 ten un 38,5% de ocupadas máis que hai dez anos; nos homes o crecemento foi dun 11,5%), os seus niveis de formación e cualificación melloraron substancialmente e todo parece indicar que a etapa de desaceleración económica que estamos experimentando está afectando laboralmente máis aos homes. Aínda así, persisten numerosos obstáculos que impiden unha plena inserción das mulleres no mercado de traballo.



A subrepresentación da muller por sectores económicos é moi evidente na construción (o 6% en 2008 e unha media de contratación de mulleres nos últimos cinco anos dun 5%). No outro extremo encontramos as ocupacións relacionadas cos sectores servizos, hostalaría e educación, que son os que teñen unha maior presenza de mulleres (o 75% da contratación total de 2008).

Se atendemos á clasificación por grupos de ocupación, pódese constatar que existe unha baixa representación feminina en postos directivos (un 35,95% en 2008) e que as porcentaxes máis baixas de participación as atopamos entre as profesións cualificadas de agricultura, pesca, industrias manufactureiras e construción (en todos os casos non chega á cuarta parte da contratación levada a cabo en 2008).

Os datos de contratación avalan a necesidade de continuar incidindo neste tema para así poder acadar unha óptima inserción en igualdade de oportunidades entre ambos os xéneros. Todas e todos temos que camiñar para conseguir a plena igualdade laboral entre homes e mulleres traballadores/as.

Os datos de contratación avalan a necesidade de continuar incidindo neste tema para así poder acadar unha óptima inserción en igualdade de oportunidades entre ambos os xéneros. Todas e todos temos que camiñar para conseguir a plena igualdade laboral entre homes e mulleres traballadores/as.

Se quere acceder á páxina web do Instituto Galego das Cualificacións
<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



Normativa autonómica destacada:

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009 (DOG do 6 de agosto de 2009).

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG do 6 de agosto de 2009).

Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009 (DOG do 6 de agosto de 2009).

Decreto 370/2009, do 23 de xullo, polo que se regula a utilización da imaxe corporativa do Xacobeo 2010 (DOG do 11 de agosto de 2009).

Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009 (DOG do 13 de agosto de 2009).

Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se convocan axudas para o apoio ás cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo para o ano 2009 (DOG do 2 de setembro de 2009).

Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións en réxime de

concesión directa dirixidas aos traballadores e ás traballadoras en situación de desemprego para facilitar a súa mobilidade xeográfica e a súa participación en accións de orientación con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral (DOG do 7 de setembro de 2009).

Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG do 30 de setembro de 2009).

Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009 (DOG do 15 de setembro de 2009).

Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se aproba a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2009, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG do 17 de novembro de 2009).

Outra normativa de interese:

Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiri-

das por experiencia laboral (BOE do 25 de agosto de 2009).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar:

<http://traballoebenestar.xunta.es/>

Para acceder directamente á área de traballo:

<http://traballo.xunta.es>